

XEFATURA DO ESTADO

19432 REAL DECRETO LEI 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento. («BOE» 290, do 2-12-2008.)

Como consecuencia da intensificación durante os últimos meses da crise financeira iniciada en agosto de 2007, as principais economías do mundo están experimentando neste momento unha grave contracción na súa actividade económica, que tamén afecta a economía española. As elevadas tensións nos mercados financeiros remataron traducíndose nun endurecemento considerable das condicións de crédito, dificultando o normal desenvolvemento das actividades económicas de familias e empresas. Estas dificultades de financiamento, unidas á crecente incerteza sobre o panorama económico futuro, deron lugar a un significativo retraemento da demanda privada en todas as súas vertentes, incluíndo o consumo das familias e o investimento empresarial, con consecuencias negativas inmediatas para a economía española, en relación co seu nivel de actividade e, particularmente, co emprego.

Neste contexto de intensa deterioración das condicións financeiras e económicas, o Goberno decidiu poñer en marcha diversas medidas extraordinarias de impulso á actividade económica e ao emprego que pasan a sumarse a outras xa contidas no marco xeral do Plan Español para o Estímulo da Economía e o Emprego, activado nos últimos meses como resposta á presente crise.

As novas medidas de apoio urxente á demanda enmárcanse nas liñas de actuación establecidas pola Declaración do Cumio sobre Mercados Financeiros e Economía Mundial que tivo lugar o pasado 15 de novembro en Washington, suscrita por España, e polo Plan Europeo de Recuperación Económica, aprobado pola Comisión Europea o pasado 26 de novembro, que en ambos os casos avogan pola aplicación de políticas fiscais activas como instrumento de moderación dos efectos adversos desta nova etapa económica.

Para tal efecto, mediante este real decreto lei apróbase a creación dun Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego que supoñen a aprobación de créditos extraordinarios por un total de 11.000 millóns de euros con cargo ao orzamento de 2008, dos cales 8.000 millóns corresponden ao primeiro destes fondos e os restantes 3.000 millóns, ao segundo. Ambos os fondos se financiarán con débeda pública.

Así, o Fondo Estatal de Inversión Local ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata a partir de comezos de 2009 e que sexan competencia das propias entidades locais. En concreto, con esta medida o Goberno trata de favorecer aqueles investimentos que contribúan a dinamizar a curto prazo a actividade económica, incidindo directamente na creación de emprego, ao tempo que reforzan a capitalización dos municipios. Deste modo, o financiamento previsto neste fondo extraordinario estará dirixido a proxectos que supoñan melloras nas dotacións municipais de infraestruturas, tanto produtivas como de utilidade social.

Por tanto, a natureza dos proxectos que son obxecto desta medida extraordinaria comportará o emprego de traballadores e a mobilización de recursos que, en gran medida, procederán dos excedentes a que deu lugar o axuste tan brusco no sector da construción que a nosa economía está experimentando. Loxicamente, cabe espe-

rar que este fondo favoreza, así mesmo, a viabilidade e o emprego de pequenas e medianas empresas que centran as súas actividades en áreas anexas á construción, como os servizos de enxeñaría, arquitectura, loxística, así como a produción e mobilización de materiais, maquinaria e equipamento diverso.

A administración, xestión e dirección do fondo corresponderán ao Ministerio de Administracións Públicas, a través da Dirección Xeral de Cooperación Local adscrita ao dito ministerio. O fondo distribuirase atendendo ao criterio obxectivo da poboación rexistrada nos padróns municipais.

Posto que se trata de recursos públicos, o fondo estará suxeito a un estrito control. Por unha parte, a Dirección Xeral de Cooperación Local realizará a liberación dos fondos asignados a cada proxecto mediante dúas remesas, a última das cales se fará efectiva mediante a correspondente xustificación de realización da obra, de acordo coas condicións estipuladas no certificado de adxudicación. E, por outra parte, a Intervención Xeral da Administración do Estado velará pola correcta aplicación dos recursos do fondo aos fins previstos para este.

A segunda medida que se crea e regula neste decreto lei, o Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, ten por obxecto financiar actuacións de inmediata execución, no ámbito de determinados sectores produtivos estratéxicos, para o desenvolvemento de proxectos con alto impacto no mantemento e creación de emprego.

Para tales efectos, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Facenda, no prazo de 7 días, determinará o destino deste fondo e os departamentos ministeriais encargados da súa xestión.

A urxencia na aprobación desta norma, e a súa incidencia con carácter global no conxunto do territorio, obedecen á necesidade de actuar coa máxima celeridade, e baixo unha pauta común, fronte ao rápido debilitamento xeral das condicións económicas. A mala evolución da demanda agregada, xunto co mal comportamento da taxa de desemprego nas circunstancias extraordinarias actuais, determinan, pois, a necesidade de adoptar de maneira urxente as medidas que se aproban neste decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta conxunta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e da ministra de Administracións Públicas, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPÓÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto a dotación de dous fondos extraordinarios. Un destinado a promover a realización por parte dos concellos de investimentos creadores de emprego e outro cuxa finalidade é levar a cabo actuacións encamiñadas a mellorar a situación conxuntural de determinados sectores económicos estratéxicos e acometer proxectos con alto impacto na creación de emprego.

TÍTULO I

Fondo Estatal de Inversión Local

Artigo 2. *Constitución dun fondo para a realización dun programa de investimentos polas corporacións locais.*

Créase, por un importe de 8.000.000.000 de euros, un fondo, adscrito ao Ministerio de Administracións Públi-

cas, destinado a financiar a realización de actuacións urxentes no ámbito municipal en materia de investimentos especialmente xeradoras de emprego.

O Fondo carece de personalidade xurídica e a súa xestión efectuará a Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas conforme os criterios e principios que se recollen neste real decreto lei.

Artigo 3. *Obras financiáveis.*

1. Poderanse financiar con cargo ao fondo os contratos de obras definidos no artigo 6 da Lei de contratos do sector público que reúnan as características seguintes:

a) Os contratos deben ter por obxecto obras de competencia municipal. En particular, enténdense incluídas as seguintes:

1. As de adecuación, rehabilitación ou mellora de contornos ou espazos públicos urbanos, así como de promoción industrial.

2. Os equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias, de saneamento, iluminación e telecomunicacións.

3. As de construción, adecuación, rehabilitación ou mellora de edificios e equipamentos sociais, sanitarios, funerarios, educativos, culturais e deportivos.

4. As dirixidas á protección do ambiente e á prevención da contaminación, as de xestión de residuos urbanos, así como as orientadas a impulsar o aforro e a eficiencia enerxética.

5. As de supresión de barreiras arquitectónicas.

6. As de conservación do patrimonio municipal e protección e conservación do patrimonio histórico do municipio.

7. As de construción, adecuación, rehabilitación ou mellora da rede de abastecemento de auga potable a domicilio e tratamento de augas residuais.

8. As dirixidas a promover a mobilidade sustentable urbana e as encamiñadas a mellorar a seguranza viaria.

9. As de prevención de incendios.

10. As destinadas á promoción do turismo.

b) As obras obxecto dos contratos deben ser de nova planificación e de execución inmediata.

Enténdese que son obras de nova planificación aquelas cuxa execución non estea prevista no orzamento da entidade para o ano 2009.

Considéranse obras de execución inmediata aquelas cuxa licitación comece antes de que transcorra un mes desde a publicación na páxina web do Ministerio de Administracións Públicas (www.map.es) da resolución de autorización para o seu financiamento polo fondo. No caso de que a tramitación aplicable sexa a correspondente aos contratos menores, a adxudicación débese producir dentro de igual prazo.

c) Os contratos deben ter un valor estimado, calculado segundo as regras do artigo 76 da Lei de contratos do sector público, inferior a 5.000.000 euros, e o seu obxecto non se pode fraccionar co fin de non superar esta cantidade.

2. A licitación das obras realizarase por calquera dos procedementos previstos na Lei de contratos do sector público, aberto, restrinxido ou negociado, con ou sen publicidade, ou serán tramitadas como contrato menor.

3. Excepcionalmente, o Ministerio de Administracións Públicas poderá autorizar a execución directa das obras por parte do concello afectado cando este non supere a cifra de 200 habitantes.

Artigo 4. *Importe financiable.*

O financiamento con cargo ao fondo cubrirá o importe real de execución da obra, ata o límite máximo derivado

do orzamento de licitación incrementado co importe do imposto sobre o valor engadido repercutible ou imposto asimilable segundo a disposición adicional décimo sexta da Lei de contratos do sector público.

Artigo 5. *Solicitud de recursos do fondo.*

1. Os concellos poderán obter recursos do fondo ata o importe máximo que para cada concello se determine en función do criterio de repartición establecido na disposición adicional primeira.

2. Os concellos presentarán a solicitude de financiamento de cada proxecto por vía electrónica a través da páxina www.map.es, entre o 10 de decembro de 2008 e o 24 de xaneiro de 2009. As solicitudes irán dirixidas ás subdelegacións do Goberno e, no caso das comunidades autónomas uniprovinciais, ás delegacións do Goberno, xunto coa seguinte documentación:

a) Modelo oficial de solicitude.

b) Memoria explicativa do proxecto de investimento en que se especifique:

1. Contido do proxecto.

2. Orzamento do proxecto de investimento e prazo de adxudicación previsto.

3. Previsión de persoas que se van ocupar na execución do proxecto.

4. Certificación de que é unha obra non prevista no orzamento da entidade para o ano 2009.

c) Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do concello, segundo proceda, no que se aprobe o proxecto.

3. As delegacións e subdelegacións do Goberno, no prazo máximo de dez días desde a súa presentación, verificarán que os proxectos cumpren as condicións e requisitos establecidos neste real decreto lei e así o comunicarán, de inmediato e por vía telemática, ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

4. No prazo máximo dos dez días seguintes, o secretario de Estado de Cooperación Territorial ditará a resolución de autorización para o financiamento dos proxectos e ordenará a súa publicación na páxina web do Ministerio de Administracións Públicas.

Artigo 6. *Adxudicacións das obras.*

1. Cando se adxudiquen as obras obxecto de financiamento con recursos do fondo, o concello presentará, por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, un certificado do secretario do concello coa conformidade do alcalde, en que se fagan constar os datos da adxudicación, a data en que esta se produciu, a identidade da empresa adxudicataria, o importe polo que se adxudica o contrato así como o número de persoas que vaian ocupar as empresas adxudicatarias e a acreditación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2. A emisión do certificado implica a asunción por parte do concello do compromiso de efectuar o seguimento da creación de emprego que resulta da adxudicación do contrato.

3. Recibido o certificado, a Dirección Xeral de Cooperación Local librará os recursos a favor do correspondente concello polo 70 por cento do importe de adxudicación das obras incrementado co importe do imposto sobre o valor engadido repercutible ou imposto asimilable segundo a disposición adicional décimo sexta da Lei de contratos do sector público.

Artigo 7. *Xustificación e última remesa de fondos.*

1. Os concellos deberán acreditar a realización dos investimentos e a finalización das obras durante o pri-

meiro trimestre de 2010, sen prexuízo de que a Dirección Xeral de Cooperación Local, por solicitude razoada e debidamente motivada do concello, poida outorgar unha prórroga que non poderá exceder os seis meses cando incidencias non imputables á Administración contratante xurdidas na execución do contrato a atrasasen. Neste caso, a xustificación deberase presentar dentro do mes seguinte á conclusión da citada prórroga.

No caso de incumprimento destes prazos observarase o previsto no artigo 10.

2. A xustificación, que se presentará por vía electrónica e a través da páxina www.map.es, consistirá nunha memoria de actuación acreditativa dos postos de traballo creados, con identificación dos traballadores contratados, xunto cunha relación das certificacións de obra, con identificación do acredor e das facturas, o seu importe, a porcentaxe financiada con recursos procedentes do fondo e a data de emisión, así como a acta de recepción e a certificación final de obra.

3. Presentarase unha xustificación independente por cada unha das obras financiadas con cargo ao fondo.

4. Unha vez recibida a xustificación, a Dirección Xeral de Cooperación Local dará orde para que se libre a última remesa de fondos pola diferenza entre o importe da provisión previa efectuada conforme o artigo 6.3 e o importe real da obra executada, co límite do orzamento de licitación incrementado co importe do imposto sobre o valor engadido repercutible ou imposto asimilable segundo a disposición adicional décimo sexta da Lei de contratos do sector público.

Artigo 8. *Verificación da aplicación dos recursos do fondo aos fins a que ían destinados.*

1. A correcta aplicación dos recursos do fondo aos fins previstos no artigo 2 estará sometida a control por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Os controis que se realicen terán por obxecto verificar que os recursos do fondo se destinaron efectivamente ao financiamento dos investimentos a que estaban destinados, coa correspondente creación de postos de traballo, e que as contas xustificativas presentadas polos correspondentes concellos reflicten adecuadamente a xestión realizada.

2. Os concellos que financiasen investimentos con recursos deste fondo, deberán poñer á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado a documentación e antecedentes das contas xustificativas presentadas e facilitar canta información e medios resulten necesarios para que os equipos designados pola Intervención Xeral da Administración do Estado poidan realizar o seu traballo.

Artigo 9. *Especialidades na contratación que realicen os concellos.*

1. A contratación das obras financiadas conforme este real decreto lei terá a consideración de urxente para os efectos previstos no artigo 96 da Lei de contratos do sector público, e aplicaranse, ademais, as seguintes normas procedementais:

a) En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberase efectuar no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde que finalice o prazo de presentación de proposicións se para a adxudicación se segue un procedemento aberto, restrinxido ou negociado con publicidade, e desde que se soliciten ofertas se o procedemento é negociado sen publicidade.

b) O prazo para elevar a definitiva a adxudicación provisional será de 5 días hábiles.

2. Nos contratos que se vaian financiar con cargo ao fondo deberase asegurar, mediante a inclusión dunha

cláusula que estableza unha condición especial de execución de acordo co artigo 102 da Lei de contratos do sector público, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se encontre en situación de desemprego.

3. Para a adxudicación dos contratos financiados con cargo ao fondo, os concellos tomarán en consideración, como criterios de adxudicación para a valoración das ofertas, indicadores relevantes da medida en que o contrato de obra contribuirá ao fomento do emprego.

4. O expediente de contratación tramitarao o concello con cargo ao financiamento que lle atribuíse o fondo. A resolución da autorización do financiamento do proxecto servirá de acreditación para os efectos previstos no artigo 93, números 3 e 5, da Lei de contratos do sector público, da existencia e dispoñibilidade de crédito para a execución das obras previstas neste real decreto lei.

5. Os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

Os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles encomendasen no prazo máximo de trinta días naturais, computado desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Artigo 10. *Reintegros.*

1. A falta de xustificación parcial ou total da aplicación dos recursos recibidos con cargo ao fondo implicará a obriga de reintegrar as cantidades non xustificadas.

Enténdese por falta de xustificación a non remisión ao Ministerio de Administracións Públicas da conta xustificativa a que se refire o artigo 7 ou a súa remisión incompleta ou con inexactitudes.

Tamén se considerarán non xustificadas aquelas partidas en que, ben mediante as comprobacións que para tal efecto poida realizar o Ministerio de Administracións Públicas ou mediante os controis que realice a Intervención Xeral da Administración do Estado, se poña de manifesto que os recursos do fondo non se aplicaron aos fins para os que foron entregados ou que se incumpriron as condicións establecidas no real decreto lei.

2. A falta de colaboración que imposibilite a comprobación e o control da efectiva aplicación dos recursos do fondo dará lugar ao reintegro total da achega recibida pola correspondente entidade local.

3. Os expedientes de reintegro serán tramitados pola Dirección Xeral de Cooperación Local, quer por iniciativa propia, cando a exixencia de reintegro derive das comprobacións realizadas por este ministerio, quer por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando sexa consecuencia dun control realizado por esta última.

As cantidades que se reintegren terán a consideración de ingresos de dereito público, e será de aplicación para a súa cobranza o disposto no capítulo II do título I da Lei xeral orzamentaria.

TÍTULO II

Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego

Artigo 11. *Dotación e finalidade do fondo.*

Dótase un fondo por importe de 3.000.000.000 de euros, á disposición do Goberno, para a realización de

actuacións de inmediata execución e de amplo ámbito xeográfico, con obxecto de mellorar a situación conxuntural de determinados sectores económicos estratéxicos e acometer proxectos con alto impacto na creación de emprego.

En particular, deberase destinar ás seguintes finalidades:

- a) Actuacións de I+D+i.
- b) Actuacións no sector de automoción.
- c) Actuacións ambientais, especialmente en auga, costas, repoboación forestal, limpeza de montes, etc.
- d) Construción, adecuación, rehabilitación e mellora de edificios públicos, especialmente casas-cuartel, comisarías e centros penitenciarios.
- e) Rehabilitación de vivenda e rehabilitación de espazos urbanos.
- f) Actuacións en pequenas infraestruturas do transporte, tales como pasos a nivel, conservación de estradas, etc.
- g) Actuacións vinculadas coa prestación de servizos sociais: turismo social e atención á dependencia.

Artigo 12. *Distribución do fondo.*

O Consello de Ministros, nun prazo máximo de sete días a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, por proposta do ministro de Economía e Facenda, determinará o destino do fondo e os departamentos ministeriais a que corresponda a súa xestión.

Para a posta á disposición dos departamentos ministeriais dos créditos que lles correspondan, o ministro de Economía e Facenda autorizará as transferencias de crédito que proceda sen que resulte de aplicación a limitación establecida no artigo 52. 1 c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 13. *Procedemento de urxencia.*

1. As obras financiadas con cargo a este fondo deberán ser de execución inmediata e ter un valor estimado inferior a 5.000.000 de euros, e a súa contratación tramitarase polo procedemento de urxencia previsto no artigo 96 da Lei de contratos do sector público, e cos prazos previstos no artigo 9.1 deste real decreto lei.

2. Excepcionalmente, e por razóns de seguranza, poderanse autorizar obras do Ministerio do Interior por importe que supere o límite establecido no número anterior, sen que neste caso sexan de aplicación os referidos prazos previstos no artigo 9.1.

3. Para os efectos do establecido no artigo 24 da Lei de contratos do sector público, os órganos ministeriais competentes poderán realizar encomendas de xestión a calquera das sociedades estatais instrumentais existentes. Non será necesaria a autorización previa do Consello de Ministros cando esas encomendas superen o límite previsto no artigo 74.5 da Lei xeral orzamentaria.

TÍTULO III

Financiamento das medidas

Artigo 14. *Concesión de créditos extraordinarios.*

1. Para atender o financiamento das medidas que se conteñen no título I deste real decreto lei concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 22 «Ministerio de Administracións Públicas», servizo 03 «Secretaría de Estado de Cooperación Territorial», programa 942A «Cooperación económica local do Estado», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 76 «A corporacións locais», subconcepto 760.01. «Fondo para finan-

ciar corporacións locais actuacións urxentes en materia de investimentos xeradoras de emprego», por importe de 8.000.000.000 de euros.

2. Para o financiamento das medidas que se conteñen no título II deste real decreto lei concédese un crédito extraordinario na sección 31 «Gastos de diversos ministerios», servizo 02 «Dirección Xeral de Orzamentos. Gastos dos departamentos ministeriais», programa 929M «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo 5 «Fondo de continxencia e outros imprevistos», artigo 52 «Fondo de dinamización da economía» concepto 529 «Fondo especial do Estado para dinamización da economía e o emprego», por importe de 3.000.000.000 de euros.

3. Os créditos extraordinarios que se conceden nos números anteriores financiaranse con débeda pública.

4. Os remanentes de crédito non utilizados no exercicio 2008 poderanse incorporar ao exercicio seguinte, sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 50 da Lei xeral orzamentaria e no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, respecto do financiamento das incorporacións de crédito.

Disposición adicional primeira. *Criterios de repartición do Fondo Estatal de Inversión Local.*

Para os efectos do previsto no artigo 5.1 deste real decreto lei, a dotación do Fondo de Inversión Local distribuirase de maneira proporcional ás cifras de poboación correspondentes a cada municipio establecidas polo Real decreto 1683/2007, do 14 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2007.

O Ministerio de Administracións Públicas, a través da páxina www.map.es, fará pública, no prazo de 48 horas desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a relación de concellos con indicación dos seus respectivos habitantes e do investimento máximo que se vai realizar con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

Disposición adicional segunda. *Situación legal de desemprego.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 5.2.b).3, 9.2 e 9.3 deste real decreto lei, só se computarán os contratos realizados ou por realizar con persoas que se encontren en situación legal de desemprego conforme o previsto no artigo 208 da Lei xeral da Seguridade Social.

2. A contratación de desempregados a que se refire este real decreto lei deberase facer, preferentemente, a través dos servizos públicos de emprego.

Disposición adicional terceira. *Agrupacións de municipios.*

1. As mancomunidades de municipios reguladas no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, poderán presentar proxectos de financiamento ata o importe máximo da suma das cantidades que, segundo o artigo 5.1, corresponde a cada un dos concellos que as integran, sempre que non superen o límite establecido no artigo 3.1.c).

Para os efectos de non superar o importe máximo indicado, as mancomunidades de municipios identificarán no momento da presentación da solicitude o custo do proxecto de cada un dos concellos integrados na mancomunidade.

A presentación das solicitudes realizarase de acordo co previsto no artigo 5.2, substituíndo o acordo do concello polo acordo do órgano de goberno a quen compete a

aprobación do proxecto segundo os estatutos propios da mancomunidade.

2. Nos mesmos termos que as mancomunidades, as agrupacións de dous ou máis municipios constituídas para o desenvolvemento e a execución das obras recollidas neste real decreto lei poderán presentar proxectos de financiamento ata o importe máximo da suma das cantidades que corresponde a cada un dos concellos que as integran.

Para estes efectos, a solicitude será presentada por un dos concellos e, co fin de non superar o importe máximo previsto, identificarase no momento da presentación da solicitude o custo do proxecto de cada un dos concellos integrados na agrupación.

A presentación das solicitudes incluírá os acordos de todos os concellos participantes, conforme o previsto no artigo 5.2. Ao concello responsable da presentación da solicitude corresponderalle o cumprimento dos requisitos sobre adxudicación e xustificación das obras segundo o disposto neste real decreto lei.

Disposición adicional cuarta. *Cooperación das deputacións provinciais, consells e cabidos insulares.*

En cumprimento do previsto no artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, as deputacións provinciais e os consells insulares e cabidos insulares prestarán asistencia e cooperación xurídica e técnica aos municipios para a preparación e xestión das solicitudes de financiamento de obras reguladas neste real decreto lei.

Disposición adicional quinta. *Información.*

O Ministerio de Administracións Públicas comunicará ás deputacións provinciais, aos consells insulares e aos cabidos insulares, así como ás deputacións forais do País Vasco e ás comunidades autónomas, a relación de proxectos adxudicados nos municipios correspondentes ao seu ámbito territorial.

Disposición adicional sexta. *Exixencia de clasificación.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei non será exixible a clasificación nos contratos de obras de valor inferior a 350.000 euros

Disposición adicional sétima. *Identificación da fonte de financiamento.*

Nos proxectos financiados con cargo ao fondo regulado neste real decreto lei deberase facer constar, en lugar visible, a lenda «Fondo de Investimento Local para o Emprego –Goberno de España».

Disposición adicional oitava. *Modelo de presentación de solicitudes.*

Con carácter previo á data de inicio da presentación de solicitudes a que se refire o título I, o secretario de Estado de Cooperación Territorial ditará unha resolución na que se establecerá o modelo para a presentación de solicitudes, así como as condicións para a súa tramitación e a xustificación dos fondos aprobados.

Disposición derradeira primeira. *Pregos tipo de cláusulas administrativas.*

Para facilitar a tramitación dos correspondentes expedientes, no prazo de quince días contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a Xunta Consultiva de Con-

tratación Administrativa do Estado elaborará e fará público un prego tipo de cláusulas administrativas que os concellos interesados poderán utilizar para a preparación da documentación necesaria para licitar e contratar as obras financiadas con cargo ao Fondo de Investimento Local.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os titulares dos ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas para adoptar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias estatais previstas nos números 1.º, 13.º, 14.º e 18.º do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19437 REAL DECRETO 1975/2008, do 28 de novembro, sobre as medidas urxentes para adoptar en materia económica, fiscal, de emprego e de acceso á vivenda. («BOE» 290, do 2-12-2008.)

A economía internacional atravesou unha das situacións máis complexas e difíciles dos últimos decenios, como resultado, principalmente, das turbulencias financeiras que xurdiron en agosto de 2007 nos Estados Unidos e que rapidamente se estenderon ao resto das economías.

En España, a crise produciu unha forte minoración da actividade e un aumento considerable do desemprego nos últimos meses. En parte, o aumento do desemprego explícase polo forte axuste do sector inmobiliario, que cobrou especial intensidade como resultado da propia situación financeira.

Desde o pasado mes de abril, o Goberno veu adoptando medidas orientadas a paliar as consecuencias da negativa evolución da situación económica para as familias e os cidadáns, a apoiar as empresas e a acelerar a posta en marcha de reformas estruturais que contribúan a impulsar a capacidade de recuperación e de crecemento a longo prazo da economía española.

Ademais, o Goberno, en coordinación cos países membros da Unión Europea, adoptou recentemente medidas extraordinarias para robustecer a confianza no sistema financeiro e favorecer o adecuado financiamento das necesidades das empresas e das familias.

Agora, co obxectivo primordial de seguir protexendo os que, nesta conxuntura difícil, poidan perder o seu emprego, así como de frear a súa destrución e favorecer